

AS NOVAS CARAS DO INSTITUTO DE MELIDE

Este ano chegaron ao IES novos profesores. Imos mencionar algúns, que, aínda que non nos dan clase, coñecémolos de velos polo instituto.

Viñeron dous profes de música, por certo bastante novos, que se chaman Luis e David. Tamén hai dous profes novos de sociais, Luis Ramil e Abraham.

Tamén temos profesoras novas como María Jesús, que nos da relixión e outras moitas cousas máis.

¡E como íamos esquecer ao novo conserxe, que é moi atento e agradable!

De todos os mencionados nos falamos moi ben, e a nosa profesora de relixión é tamén moi boa.

Un saúdo para as nosas colegas de 2º de BAC: María Mosquera, Maite Corral, Jessica Villamor, Lucía Bermejo, Vero, Carmen, Rocío, Mirta, Estrella e Isabel.

CRISTINA EXPÓSITO E NURIA MEJUTO, S4A



David, de música



Abraham, de sociais



Luis Ramil,
de sociais



Luis Martínez
de música



Chus Fdez Santiso,
de relixión



Suso Orois,
conserxe

VIAXE A VALENCIA

Os alumnos de madeira do IES de Melide fomos de viaxe a Valencia, alí visitamos Fimma e Maderalia. Tamén fomos a L'oceanografic e o Museo das ciencias e das artes de Valencia. A visita a feira estivo moi ben porque había moitas cousas que ver, que igual nunca amistemos a oportunidade de velas. Alá botamos catro días que non chegaron a nada porque tanto a feira coma a cidade de Valencia dan para moito máis tempo.

Fimma e Maderalia é a feira mas importante de toda a península, nela pódese encontrar todo o relacionado coa carpintería (maquinaria, taboeiros de moitos tipos, todo sobre os ferraxes)

A visita que máis me gustou ala en Valencia foi o L'oceanografic pola gran variedade de peixes, que nunca víramos antes, e pola distribución e o deseño do acuario.

